

PERFIL DO VISITANTE EN AROUSA NORTE

Informe ano 2015

*Axencia de Turismo de Galicia
Área de Estudos e Investigación (AEI_tg)*

galicia

Obxectivos

- * O estudo do perfil dos turistas que visitan Arousa Norte busca medir e coñecer as características dos mesmos así como as cuestións relativas á súa viaxe para poder elaborar unha radiografía que permita caracterizar este segmento turístico.
- * O estudo baséase na realización dunha enquisa aos visitantes que acoden ás oficinas de turismo de Ribeira, A Pobra, Boiro e Rianxo para realizar algún tipo de consulta. Temos deste modo unha imaxe aproximada, cuxo nesgo pode ser analizado en estudos máis profundos.
- * A enquisa recolle información sobre o perfil sociodemográfico do visitante así como cuestións relativas á súa viaxe (frecuencia, aloxamento, motivación, actividades, transporte) e ao destino.

Ficha técnica

Poboación obxectivo: visitantes que acuden ás oficinas de turismo do destino Arousa-Norte

Tipo de mostraxe: exhaustivo

Tamaño da mostra: 1.700 enquisas

Lugar de toma de datos: Oficinas de Turismo dos concellos de Ribeira, A Pobra, Boiro e Rianxo

Data de realización: do 1 de xaneiro o 31 de decembro do ano 2015


Demanda Turística

Comportamento da demanda turística no destino Arousa Norte durante o ano 2015. Realizáronse un total de 1.700 enquisas das que se observa que un 56,5% foron cumprimentadas na oficina de Ribeira, o 22,1% en Rianxo, o 12,7% en Boiro e tan só un 0,2% na Pobra.

Un 8,6% das enquisas rexistradas non teñen asignada unha oficina de referencia.

Sede de realización		
	Enquisas	%
Ribeira	960	56,5%
Boiro	216	12,7%
Pobra	3	0,2%
Rianxo	375	22,1%
En branco	146	8,6%
Total xeral	1.700	100,0%

Distribución por temporada




Mercados turísticos

A nivel dos mercados turísticos obsérvase un claro predominio do mercado receptor nacional que representa a metade da demanda cun 50,1%, mentres que o 34,6% corresponde á demanda interna –os residentes en Galicia–.

Un 8,6% dos visitantes enquisados son estranxeiros.

Procedencia dos visitantes. Ano 2015


	Enquisas	% s/ total
Galicia	588	34,6%
Resto España	851	50,1%
Estranxeiro	147	8,6%
NS/NC	114	6,7%
Total	1.700	100,0%



■ Galicia ■ Resto España ■ Estranxeiro ■ NS/NC

Turismo interno

Procedencia dos visitantes residentes en Galicia




■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra ■ NS/NC

Analizando a demanda interna observamos que a maioría do turismo interno procede da provincia de A Coruña cun 52,6%, seguido de Pontevedra cun 22,3%, probablemente debido á proximidade do destino.

Estes datos mantéñense no verán, e tamén nas diferentes oficinas visitadas.

Turismo nacional

Procedencia dos visitantes residentes no Resto de España no ano 2015



Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional pois supón o 34% das visitas dentro do grupo que procede doutras comunidades autónomas.


Sitúanse tamén como mercados importantes Castela e León, o País Vasco, Cataluña e Andalucía.

Esta distribución é moi semellante á que se observa tanto no verán coma no resto do ano.

Turismo internacional

No ámbito internacional son Francia e Reino Unido os principais mercados emisores de Arousa Norte. Destacan tamén no ámbito europeo Alemaña e Portugal.

Un 18% dos visitantes internacionais proceden do continente americano –o 6,8% de norteamérica e o 10,9% de sudamérica-.



Compañía da viaxe


No tocante ao perfil segundo a compañía da viaxe no destino Arousa Norte destaca o turismo familiar que representa o 36,8% dos turistas –porcentaxe que sobe ao 41,5% no verán-. Segue en importancia o turismo en parella que revela porcentaxes en torno o 32%. Un 10,9% viaxou con amigos.

Son pouco frecuentes as viaxes organizadas que representan tan só o 2,1% do total.

Compañía da viaxe

	Enquisas	% s/ total
Só	121	7,1%
En parella	542	31,9%
Coa familia	625	36,8%
Con amigos	185	10,9%
Grupo organizado	35	2,1%
Outros	24	1,4%
NS/NC	168	9,9%
Total	1.700	100,0%

Compañía da viaxe segundo a temporada




Frecuencia da visita


Os datos amosan que un 42,6% das persoas enquisadas visitaron Arousa Norte por vez primeira no ano 2015 mentres que un 46,4% xa o fixera nalgunha ocasión anteriormente.

As diferenzas entre un e outro segmento mantéñense máis ou menos invariables tanto no verán coma no resto do ano.

Primeira visita ao destino



Primeira visita ao destino segundo a temporada




Frecuencia da visita


Se temos en conta os concellos podemos observar a mesma tendencia se ben a diferenza é mínima.

En relación coa procedencia a porcentaxe de turistas que repiten destino é maior no tocante ao turismo interno. Con respecto ao turismo nacional e internacional a porcentaxe de turistas que visitan o destino por vez primeira é moi superior aos que repiten visita cun 57,9% e un 59,2% respectivamente.

Primeira visita segundo a sede da oficina



Primeira visita segundo a procedencia




Frecuencia da visita

En relación coa estadía no destino obsérvase que o segmento que se aloxa en Arousa Norte durante a visita ten unha frecuencia superior a aqueles que non se aloxan.


Nos primeiros un 53,5% repite visita mentres que o 46,0% estivo por vez primeira en 2015. Dos que non se aloxan é maioritaria a opción daqueles que realizan a visita por vez primeira nese ano.

Primeira visita ao destino dos que se aloxan en Arousa Norte



■ Si ■ Non ■ NS/NC

Primeira visita ao destino dos que NON se aloxan en Arousa Norte




■ Si ■ Non ■ NS/NC

Motivo da visita

Tres son os motivos principais da visita ao destino Arousa Norte: os elementos que conforman o seu Patrimonio Histórico –argumento sinalado por un 23,6% dos visitantes-, o medio natural -20,4%- e a tranquilidade e relax –motivo que neste caso marca un 21,8% dos visitantes enquisados-.


Lonxe quedan outros argumentos como a proximidade ao lugar de residencia -5,6%-, a familia ou a existencia dunha segunda residencia –ambos co 4% neste caso-.

Motivo principal da visita. Ano 2015




Motivo da visita


GALICIA	
Patr. Histórico	27,9%
Tranquilidade	18,0%
Medio natural	17,5%



REST. ESPAÑA	
Tranquilidade	27,5%
Medio natural	24,8%
Patr. Histórico	22,4%



ESTRANXEIRO	
Patr. Histórico	29,9%
Medio natural	20,4%
Tranquilidade	18,4%




O turismo interno, nacional e estranxeiro valora como motivos principais da súa visita a tranquilidade, o medio natural e o patrimonio histórico. Non obstante estas variables teñen posicións diferentes entre estes tres focos emisores de turismo.

Tanto os visitantes que se aloxan en Arousa Norte, coma os que non o fan establecen estes tres argumentos como motivos principais da súa visita xunto coa proximidade ao lugar de residencia.

Motivo da consulta na oficina

Motivo da consulta nas oficinas de turismo




O principal motivo polo que os turistas acoden ás oficinas de turismo de Arousa Norte é para obter información xeral, así como para consultar as actividades, información sobre rías/praias, sendeirismo e aloxamento.


Estas variables mantéñense constantes se temos en conta o ano, a temporada a procedencia, a sede, e o segmento dos que se aloxan e dos que non se aloxan no destino.

Duración da viaxe

Duración da viaxe






Duración da viaxe segundo a temporada




Entre as porcentaxes mais altas atopamos as viaxes dun día, tanto no verán coma no resto do ano con valores de 16,8% e 17,6% respectivamente. Observase que no resto de estancias os datos son moi parecidos, non obstante naquelas de maior duración os datos difiren, sendo as viaxes longas de entre 9 e 15 días ou as de mais de 15 días as que alcanzan valores mais altos durante o verán, e os mais baixos o resto do ano.

Duración da viaxe segundo a oficina



Ribeira e Rianxo amosan porcentaxes similares no tocante á duración, sendo as excursións dun día e as estadias longas as que teñen os valores mais altos. Non obstante en Boiro obsérvanse uns datos diferentes, sendo as estadias de media duración as que teñen unhas porcentaxes mais altas cun 16,7%.


Duración da viaxe segundo a procedencia



O turismo nacional e internacional amosa un comportamento semellante á hora de programar a súa viaxe ao destino Arousa Norte, con porcentaxes que acadan os valores mais altos nas estadias medias (22,9% e 11,6%) e nas estadias longas de entre 9-15 días e mais de 15 días (25,7% / 14,1% e 17,7% / 19,7% respectivamente). Pola súa banda o turismo interno amosa unha conduta na que destacan ben as viaxes dun día (27,7%) ou as de máis de 15 días (16,8%).

Duración da viaxe


Duración da viaxe dos que se aloxan en Arousa Norte




Entre aqueles turistas que se aloxan no destino Arousa Norte priman as estancias medias (5-8 días) que acadan o 22% e longas (máis de 8 días) acadando o 47,8%.

Lugar de pernoctación

Lugar de pernoctación



Pernoctación segundo a temporada




Un de cada cinco visitantes consultados afirma que non pasa a noite no destino durante a súa viaxe. O 65% si dorme cando menos unha noite sendo o concello de Ribeira o que se leva maior porcentaxe –co 31,6% do total-.


O resto dos valores son constantes segundo a temporada independentemente da oficina consultada salvo no caso de Ribeira na que se duplican o número de pernoctacions no verán (36,3%) en comparación co resto do ano (18,7%).

Lugar de pernoctación segundo a procedencia


Galicia



Estranxeiro




Rest. España




Ribeira é o concello elixido con maior frecuencia para pasar a noite tanto para os turistas residentes en Galicia como para aqueles que proceden do resto do Estado e do estranxeiro

Tipo de aloxamento

Tipo de aloxamento utilizado para pasar a noite




Tipo de aloxamento regrado e non regrado segundo a temporada



Un 46% dos turistas que pasan a noite no destino elixe algunha modalidade de aloxamento regrado mentres que o 40% opta por tipoloxías privadas ou non regradas. Existe un 15% dos turistas consultados que non ten resposta.

Tipo de aloxamento

Tipo de aloxamento, por tipoloxías




Dentro do aloxamento regrado destaca o uso dos apartamentos turísticos –cun 14%– e dos hoteis –cun 11,5% neste caso–.

No ámbito do aloxamento privado e maioritario o uso da segunda residencia –un 16%– e da vivenda de aluguer –cun 10,5%–.

Un 15% dos turistas consultados non amosa preferencia.

Tipo de aloxamento

Tipo de aloxamento regrado e non regrado segundo a procedencia




O turismo interno decántase preferentemente polo aloxamento non regrado (53,6%) sendo a casa propia ou segunda residencia a modalidade de maior uso (31%).

O mercado nacional e o internacional optan en cambio, en termos agregados, polo aloxamento regrado de forma maioritaria (58,3% os primeiros e 45,6% os segundos).

A nivel de tipoloxías o turistas español opta principalmente polos apartamentos turísticos mentres que o estranxeiro utiliza principalmente a casa de familiares e amigos

Medio de transporte

Medio de transporte empregado durante a viaxe




O vehículo propio é o medio de transporte máis empregado durante a viaxe –así o sinalan o 82% dos visitantes consultados-. Outras modalidades de menor peso pero que aparecen nesta relación son o autobús -4,5%, o vehículo de aluguer -3,6%- e a autocaravana -2,9% neste caso-.

Medio de transporte


Os turistas residentes en Galicia e aqueles que proveñen do resto do Estado usan maioritariamente o vehículo privado –un 82% e 87% respectivamente-. O turista estranxeiro presenta un comportamento menos homoxéneo optando por varios medios entre os que destacan o vehículo privado -46%-, o vehículo de aluguer -19%-, ou a pé -9%-.

Medio de transporte segundo a procedencia



Aspectos mellor valorados

Aspectos mellor valorados do destino Arousa Norte




O patrimonio histórico e o medio natural son os dous elementos mellor valorados do destino Arousa Norte, con porcentaxes do 38% e 26% respectivamente.


Lonxe quedan outras opcións como as oficinas de turismo (6,6%), a gastronomía (3,2%) ou os museos localizados no propio destino (2,3%).

Aspectos mellor valorados


GALICIA	
Patr. Histórico	44,0%
Medio natural	21,4%
Oficinas de Turismo	6,8 %



REST. ESPAÑA	
Patr. Histórico	36,2 %
Medio natura	33,4%
Oficinas de Turismo	7,4%



ESTRANXEIRO	
Patr. Histórico	42,9%
Medio natural	21,8%
Oficinas de Turismo	4,8%




Os tres grandes segmentos de mercado consideran en diferente medida que tanto os elementos do patrimonio histórico como o medio natural do destino son os elementos mellor valorados e, en consecuencia, os principais factores de atracción do destino.

A nivel de concello obsérvase o mesmo patrón agás no caso dos visitantes de Ribeira que destacan en primeiro lugar o medio natural do destino Arousa Norte.

Aspectos peor valorados

Aspectos peor valorados do destino Arousa Norte




Do lado contrario os visitantes de Arousa Norte sinalan como aspectos peor valorados do destino dous elementos concretos: a dotación e estado dos aparcamentos e a sinalización turística.


Citan tamén o transporte público e a limpeza con carácter xeral, en porcentaxes levemente superiores ao 10%.

Aspectos peor valorados


GALICIA	
Aparcamientos	17,7%
Sinalización turística	15,0%
Transporte público	14,1%



REST. ESPAÑA	
Aparcamientos	20,0%
Sinalización turística	19,3%
Clima	11,8%



ESTRANXEIRO	
Transporte público	15,6%
Sinalización turística	15,0%
Aparcamientos	10,9%




Aparcamientos e sinalización turística son os dous principais problemas ou factores negativos do destino tanto para o turista residente en Galicia como para o que procede doutras comunidades autónomas.

O turista estranxeiro tamén sinala estes dous elementos máis coloca en primeiro lugar o transporte público.

Idade

Idade dos visitantes




O perfil do visitante de Arousa Norte segundo a idade amosa unha distribución bastante heteroxénea coa presenza de grupos de diferentes idades.

En sentido estrito é o grupo de 45 a 54 anos o de maior peso cun 21% do total. Esta porcentaxe amplía ata o 48% no caso dos maiores de 45 anos.

O segmento máis novo, de menos de 35 anos, supón o 17% do total.

Idade

Idade dos visitantes segundo a procedencia




En termos agregados obsérvanse pequenas diferenzas de idade nos tres grandes segmentos de demanda.

A grosso modo o turista residente en Galicia ten un perfil máis novo –o 27% ten menos de 35 anos– en relación ao que procede do resto do Estado e sobre todo do estranxeiro –un 46% destes últimos ten máis de 54 anos–.

Xénero

Xénero dos visitantes



Desde o punto de vista do xénero non se aprecian diferenzas significativas entre a presenza de homes e mulleres no destino Arousa Norte


Turismo accesible

Arousa Norte desenvolve unha importante labor de potenciación do seu territorio como destino accesible, razón que lle outorga un recoñecemento como destino de referencia nesta modalidade turística.

Neste sentido é importante coñecer as características da demanda que necesita algún tipo de mellora na accesibilidade ao destino.


A enquisa amosa que un 4% dos visitantes consultados presenta algún tipo de discapacidade. Esta porcentaxe é moi semellante nas diferentes temporadas – mantense estable tanto no verán coma no resto do ano-.

Discapacidade dalgún membro do grupo,
segundo a temporada




Turismo accesible

Discapacidade dalgún membro dos que se aloxan en Arousa Norte



■ Si ■ Non


Discapacidade dalgún membro dos que NON se aloxan en Arousa Norte



■ Si ■ Non

Turismo accesible

Tipo de discapacidade sinalada



Case a metade das persoas que declararon algún tipo de discapacidade presenta problemas de mobilidade de tipo motor.

Están tamén presentes outros tipos de discapacidade como a visual -16,4%- ou a auditiva -14,5% neste caso-.

En aras de mellorar a accesibilidade ás oficinas de turismo e á información que se proporciona a enquisa pregunta en que medida as persoas con discapacidade precisan material adaptado. Neste sentido o 43% das persoas que sinalan algún tipo de discapacidade afirma que necesita material informativo e de promoción que se adapte ás súas características.

AROUSA NORTE

Informe ano 2015

*Axencia de turismo de Galicia
Área de Estudos e Investigación (AEI_tg)*

galicia